

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 08/01/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIO ACCIDENTAL

DONA MANUEL FRANCO LEIS

INTERVENTOR

D. JULIO FONTAÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 08/01/2026, e coa asistencia do Secretario Accidental, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de novembro de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2025.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4. Aprobación, se procede, de proposta da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, para que se inste á Xunta de Galicia ó arranxo e adecuación da Avda. Rosalía de Castro.

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo voceiro do grupo político municipal do BNG, relativa á reparación urxente das deficiencias do CEIP A Lomba.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, para instar ao goberno local a que convoque a licitación do novo contrato da Escola Infantil Municipal, á maior brevidade posible.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, para a creación dun protocolo municipal contra o acoso laboral e sexual no Concello de Vilagarcía de Arousa.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar a Portos de Galicia ao arranxo antes do verán da balaustrada e do Paseo do Preguntoiro

9. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar á Consellería de Economía e Industria á redución da altura da terminal impulsada por Betunes Gallegos SLU e reducir o impacto nun contorno con protección patrimonial.

10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

13. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

14. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e D. Fernando Pérez Quintela utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 27 DE NOVIEMBRE DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as

Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 27 de novembro de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2025: Polo Secretario dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

2 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal

1 Tramitación e adxudicación por vía de emerxencia obras

2 Expediente de transferencia de crédito

1 Expediente de modificación de crédito

5 Levantamento de reparo

1 Proxecto de gasto con financiamento afectado 2025

1 Discrepancia derivada do reparo de Intervención en relación con aprobación de gasto

1 Aprobación celebración festas ao aire libre

3 Recurso de reposición

3 Arquivo expediente sancionador de tráfico

14 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico

1 Baixa voluntaria persoal eventual

1 Instrucións para axustes na incorporación do orzamento 2025

1 Inicio do procedemento de elaboración Orzamento 2026

1 Modificación nomeamento empregado municipal

1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna

3 Nomeamento de persoal municipal

1 Reorganización de servizo

1 Bases selección contratación persoas mozas

2 Pagamento plan de pensións

1 Expediente sancionador empregado municipal

3 Substitución posto de categoría superior

1 Recurso contencioso administrativo

2 Inscripción no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos

10 Estimación/desestimación derivación subsidiaria

4 Estimación/desestimación ICIO

1 Desestimación IBI

2 Desestimación outras solicitudes tributarias

1 Estimación prorrateo IAE

29 Estimación pagos duplicados

3 Estimación/desestimación IVTM

4 Estimación recibos

33 Estimación taxas e prezos públicos

3 Estimación IBI

13 Estimación/desestimación rateo IVTM

1 Estimación bonificación IBI

1 Estimación cambio de xestión de ben inmovible

9 Estimación liquidacións e baixas

46 Estimación/desestimación beneficios fiscais IVTM

1 Estimación IIVTNU

2 Estimación IAE

53 Orde de pago de facturas

2 Relación transferencia

4 Comisións bancarias

16 Deber de conservación
9 Reposición da legalidade urbanística
2 Incoación expediente sancionador por incumprimento título habilitante
1 Aprobación inicial proxecto de urbanización
58 Autorización/denegación comunicación previa obras menores
37 Concesión/denegación licenza de obra menor
1 Arquivo expediente licenza de obra menor
4 Concesión licenza de segregación
16 Concesión/denegación licenza de obra maior
15 Autorización comunicación previa apertura establecementos
1 Arquivo comunicación previa apertura de establecementos
4 Arquivo terraza establecemento hostalería

TOTAL: 439

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá, por parte de D. Iago Alberte Carril Hierro, en representación da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AFOGHACRISTOS DE CARRIL, PARA QUE SE INSTÉ Á XUNTA DE GALICIA Ó ARRANXO E ADECUACIÓN DA AVDA. ROSALÍA DE CASTRO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, coa data de 29 de outubro de 2025, do seguinte teor:

A Asociación de Veciños Afoghacristos do Carril, ao abeiro da lexislación vixente en materia de participación cidadá e en concreto ao abeiro do artigo 70 bis da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local do artigo 228 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de

novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais así como ao abeiro do artigo 2 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobado polo Pleno en data 16 de xaneiro de 1992 presenta a seguinte moción para a súa consideración e debate no Pleno Municipal.

EXPOSICIÓN:

PRIMEIRO. Que a Avenida Rosalía de Castro, arteria principal do noso concello e vía de titularidade autonómica (PO-548), presenta un estado de conservación extremadamente deficiente que supón un risco manifesto para a seguridade viaria e peonil.

SEGUNDO. Que esta situación, que inclúe fochancas perigosas, afundimentos por mor do tránsito, beirarrúas intransitables e deficiencias en accesibilidade, afecta gravemente á calidade de vida da veciñanza de Vilagarcía, especialmente na contorna de Carril e do centro urbano.

SOLICITA:

1. Que se teña por presentado este escrito e por admitida a solicitude xunto coa documentación que se achega.
2. Que, por parte da Alcaldía-Presidencia, se proceda a incluír a Moción (Anexo I) na orde do día da vindeira Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o seu debate e, se procede, a súa aprobación.
3. Que se dea traslado desta solicitude e da moción anexa aos Voceiros de todos os Grupos Políticos con representación municipal para o seu coñecemento previo.
4. O uso da palabra, tal e como recolle a normativa arriba indicada.

En Carril, Vilagarcía de Arousa a 28 de outubro. de 2025

Iago A. Carril Hierro,

presidente da asociación de veciños Afoghacristos de Carril

ANEXO I

AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Primeiro. A Avenida Rosalía de Castro non é só unha rúa máis de Vilagarcía de Arousa; é unha das principais arterias de comunicación do noso concello. Vertebrada a conexión entre o centro urbano e a parroquia de Carril, sendo unha das principais entradas e saídas da cidade e soportando unha densidade de tráfico moi elevada durante todo o ano.

Segundo. O estado de conservación que presenta esta avenida ó longo do seu recorrido é, dende hai demasiado tempo, alarmantemente deficiente. O firme presenta numerosas fochancas, gretas, e zonas afundidas que non só causan danos aos vehículos, senón que constitúen un grave risco para a seguridade viaria, especialmente para motocicletas e bicicletas.

Terceiro. As beirarrúas atópanse nun estado similar ou peor. En moitos tramos son excesivamente estreitas, dificultando o paso de carros de bebé ou cadeiras de rodas.

Presentan baldosas rotas, levantadas ou inexistentes, xerando un perigo constante de caídas para os viandantes, afectando de xeito particular á nosa veciñanza de maior idade e ás persoas con mobilidade reducida.

Quinto. Sendo esta avenida unha estrada de titularidade autonómica (PO-548), a competencia para a súa reparación integral e mantemento corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Sexto. O paso de vehículos de alta carga aumenta tanto o mal estado do firme como o perigo viario.

Por todo o anteriormente exposto, a Asociación de Veciño Afoghacristos de Carril solicita ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa acorda instar á Xunta de Galicia, e en concreto á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a que:

1. Redacte e execute, con carácter de urxencia, un proxecto de mellora integral da Avenida Rosalía de Castro (PO-548).
2. Dito proxecto deberá contemplar, como mínimo:
 - A renovación completa do firme e a capa de rodaxe.

- A reparación, ampliación e adecuación das beirarrúas, garantindo o cumprimento estrito da normativa de accesibilidade universal.
 - A prohibición do paso de tráfico pesado por dita estrada.
3. Habilite as partidas orzamentarias necesarias nos Orzamentos da Xunta de Galicia, co fin de garantir a súa execución sen máis demoras.
- Terceiro. Dar traslado deste acordo á da Xunta de Galicia, á persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia En Carril, Vilagarcía de Arousa a 28 de outubro de 2025.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, para que se inste á Xunta de Galicia ó arranxo e adecuación da Avda. Rosalía de Castro.

- Intervén D. Iago Alberte Carril Hierro, en representación de Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o a proposta presentada pola Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril e:

- Instar á Xunta de Galicia, e en concreto á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a que:

1. Redacte e execute, con carácter de urxencia, un proxecto de mellora integral da Avenida Rosalía de Castro (PO-548).

2. Dito proxecto deberá contemplar, como mínimo:

- A renovación completa do firme e a capa de rodaxe.

- A reparación, ampliación e adecuación das beirarrúas, garantindo o cumprimento estrito da normativa de accesibilidade universal.

- A prohibición do paso de tráfico pesado por dita estrada.

3. Habilite as partidas orzamentarias necesarias nos Orzamentos da Xunta de Galicia, co fin de garantir a súa execución sen máis demoras.

- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, á persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á REPARACIÓN URXENTE DAS DEFICIENCIAS DO CEIP A LOMBA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 8 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 19 de decembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á REPARACIÓN URXENTE DE DEFICIENCIAS NO CEIP A LOMBA

O pasado mes, o CEIP A Lomba era noticia debido aos desprendementos que se produciron nunha das súas fachadas. O certo é que o centro acumula numerosas peticións por parte tanto da directiva coma da súa ANPA para que se dea solución aos diferentes danos e eivas que presenta. Son demandas que nos consta que foron feitas tanto á Xunta coma ao Concello, responsábeis ambas administracións da situación das instalacións do centro, que non se viron resoltas.

Por unha banda, as crianzas de 5º e 6º de primaria levan tres anos soportando goteiras nas súas aulas, isto vese agravado por unha ventá que non pecha, provocando que entre tanto o frío coma o choiva, o cal está a provocar tamén danos na estrutura do edificio.

A isto hai que sumarlle unhas varandas que aínda que Educación di que están dentro da normativa, supoñen un risco para as crianzas máis pequenas, as cales continuamente manifestan sentirse inseguras ao axudarse delas cando chega o momento de subir e baixar do terceiro andar para utilizar o ximnasio.

Outra das demandas transmitidas pola ANPA ao concello é a construción duns vestiarios, ou cando menos duns cuartos de baño, no Pavillón do centro, xa que cando as alumnas e alumnos necesitan ir ao servizo, deben acudir sós ata o edificio principal, co risco que isto implica sobre todo en crianzas máis pequenas, e máis cando se dan condicións meteorolóxicas adversas.

Dito Pavillón o pasado 18 de decembro, en pleno festival de Nadal do CEIP Arealonga sufriu unhas inundacións debido as choivas desa tarde que provocou que o festival tivese que ser cancelado. Isto non é a primeira vez que acontece, co cal é preciso que se leve a cabo unha actuación urxente sobre o tellado e as instalacións.

Por outra parte, a ANPA lamenta a situación na que se atopa a antiga casa do conserxe, hoxe destinada a sede da asociación, na que se levan a cabo actividades coma por exemplo, o Conciliatardes. Dita instalación carece de calefacción no seu interior, o que provoca que no inverno sexa inviábel realizar calquera actividade con crianzas nela, e por fóra carece de canalóns para levar a auga dende que lle foran arrancados polo servizo municipal.

Por todo o anteriormente exposto, solicitamos do Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galiza á reparación das goteiras das aulas de 5º e 6º de primaria.
- Instar á Xunta de Galiza á substitución das varandas das escaleiras para dotalas dunhas máis seguras para as crianzas.
- Instar ao Concello a crear uns vestiarios dotados de baños no Pavillón do CEIP A Lomba.
- Instar á administración responsábel a que arranxe de xeito urxente o tellado do Pavillón.
- Instar ao Concello á colocación de canalóns na edificación actualmente utilizada pola ANPA.
- Instar ao Concello á que dote de calefacción a edificación utilizada pola ANPA.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á reparación urxente das deficiencias do CEIP A Lomba.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21).

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Instar á Xunta de Galiza á reparación das goteiras das aulas de 5º e 6º de primaria.
- Instar á Xunta de Galiza á substitución das varandas das escaleiras para dotalas dunhas máis seguras para as crianzas.

- Que polo Concello se proceda a crear uns vestiarios dotados de baños no Pavillón do CEIP A Lomba.
- Instar á administración responsábel a que arranxe de xeito urgente o tellado do Pavillón.
- Que polo Concello se proceda á colocación de canalóns na edificación actualmente utilizada pola ANPA.
- Que polo Concello se proceda a dotar de calefacción a edificación utilizada pola ANPA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A QUE CONVOQUE A LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, Á MAIOR BREVIDADE POSIBLE.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 8 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 29 de decembro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 8 de xaneiro de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A QUE CONVOQUE A LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, Á MAIOR BREVIDADE POSIBLE”

EXPOÑEN

A Escola Infantil Municipal de Vilagarcía, xestionada dende hai máis de 30 anos pola empresa BONECOS VILAGARCÍA, S.L., atravesará unha situación de inestabilidade laboral económica insostible. O persoal do centro, formado por unhas 20 persoas, está sufrindo atrasos no cobro da totalidade dos seus salarios.

Esta falta de pago non é un feito illado, xa que o pasado mes de setembro producíronse atrasos similares. A pesar desta situación, o persoal continúa prestando o servizo con total normalidade por responsabilidade coas familias e os menores.

Pero este problema ven de lonxe. O goberno local non pode pretender que unha empresa continúe prestando un servizo a día de hoxe cun contrato desfasado dende o 2018, cunhas condicións técnicas e económicas completamente desactualizadas e que non se axustan á realidade actual co aumento dos custos e da vida.

É obriga deste Concello velar polo cumprimento dos contratos públicos e garantir que un servizo tan importante como a educación infantil se preste en condicións dignas para as familias usuarias, pero tamén para o persoal que desempeña o seu labor.

A pasividade do goberno local ante as dificultades polas que está pasando a Escola Infantil Municipal non ten lóxica nin sentido, e demostra unha falta de compromiso cos nosos servizos públicos.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Convocar de maneira urgente unha Xunta de portavoces dos grupos municipais coa dirección da empresa BONECOS VILAGARCÍA S.L. co Persoal Técnico Municipal, e a plantilla para coñecer a situación actual do servizo.
2. Iniciar de urxencia a redacción do pliego de prescricións técnicas e económicas para licitar un novo contrato que garanta a prestación do servizo, e reflexe a realidade social de conciliación familiar das persoas usuarias.
3. Informar de maneira transparente ás familias usuarias sobre a situación real do centro e as medidas que o Concello vai tomar para asegurar a continuidade e calidade do servizo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para instar ao goberno local a que convoque a licitación do novo contrato da Escola Infantil Municipal, á maior brevidade posible.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21).

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Convocar de maneira urxente unha Xunta de portavoces dos grupos municipais coa dirección da empresa BONECOS VILAGARCÍA S.L. co Persoal Técnico Municipal, e a plantilla para coñecer a situación actual do servizo.
2. Iniciar de urxencia a redacción do pliego de prescricións técnicas e económicas para licitar un novo contrato que garanta a prestación do servizo, e reflexe a realidade social de conciliación familiar das persoas usuarias.
3. Informar de maneira transparente ás familias usuarias sobre a situación real do centro e as medidas que o Concello vai tomar para asegurar a continuidade e calidade do servizo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 19:00 horas auséntase da sesión o Sr. Fajardo Recousó.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA A CREACIÓN DUN PROTOCOLO MUNICIPAL CONTRA O ACOSO LABORAL E SEXUAL NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 8 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 29 de decembro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 8 de xaneiro de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN PROTOCOLO MUNICIPAL CONTRA O ACOSO LABORAL E SEXUAL NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”

EXPOÑEN

O Concello de Vilagarcía debe ser unha institución exemplar e un bo lugar onde traballar. Garantir un entorno de traballo seguro, respectuoso e libre de calquera tipo de violencia ou discriminación é unha obriga legal, pero sobre todo, é unha cuestión de sentido común e responsabilidade ética.

É fundamental contar con ferramentas claras e actualizadas que permitan previr, detectar e actuar ante posibles situacións de acoso laboral, sexual ou por razóns de xénero. A falta dun

protocolo específico xera indefensión nos traballadores e falta de axilidade na resposta institucional.

Dende o PP de Vilagarcía cremos nunha administración que protexa aos seus empregados. Por iso, propoñemos a creación dun Protocolo Municipal contra o Acoso Laboral e Sexual no noso Concello, e quereos que este plan non se faga a porta pechada, senón co máximo consenso e transparencia.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao goberno local a que inicie os traballos para a elaboración dun Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso Laboral e Sexual no Concello de Vilagarcía.
2. Crear unha comisión de traballo na que participen representantes de todos os grupos municipais, sindicatos, representantes do persoal e expertos técnicos na materia.
3. Que a comisión presente un borrador inicial do protocolo para o seu debate e posterior aprobación definitiva, así como trasladar dito plan a todo o persoal municipal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a creación dun protocolo municipal contra o acoso laboral e sexual no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que se proceda a iniciar os traballos para a elaboración dun Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso Laboral e Sexual no Concello de Vilagarcía.
2. Crear unha comisión de traballo na que participen representantes de todos os grupos municipais, sindicatos, representantes do persoal e expertos técnicos na materia.
3. Que a comisión presente un borrador inicial do protocolo para o seu debate e posterior aprobación definitiva, así como trasladar dito plan a todo o persoal municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, PARA INSTAR A PORTOS DE GALICIA AO ARRANXO ANTES DO VERÁN DA BALAUSTRADA E DO PASEO DO PREGUNTOIRO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 8 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 30 de decembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN ARRANXO DA BALAUSTRADA E DO PASEO DO PREGUNTOIRO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa

desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A balaustrada do Paseo do Preguntoiro foi construída por Portos de Galicia no ano 2014, substituíndo a anterior dun material moito máis duradeiro e que permitía unha mellor visibilidade do areal. Cun orzamento de máis de 200 mil euros, foi unha obra controvertida dende o seu inicio, xa que non gozaba do consenso do pobo de Vilaxoán e polas labores de conservación e mantemento que require a nova infraestrutura.

Once anos despois o deterioro, derivado, tamén, da falta de mantemento da balaustrada é máis que evidente e require dunha actuación urxente, tendo en conta que este paseo forma parte do areal de Preguntoiro que, sobre todo durante o verán, recibe miles de visitantes.

A propia veciñanza de Vilaxoán pediu publicamente a Portos de Galicia o seu arranxo ante o mal estado da balaustrada.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal cdo PSdeG PSOE somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Instar a Portos de Galicia a arranxar antes do verán a balaustrada
 - Instar a Portos de Galicia a arranxar antes do verán a balaustrada e o Paseo do Preguntoiro
- Paseo do Preguntoiro e, en todo caso, previa á recepción do espazo polo Concello de Vilagarcía de Arousa tras a súa desafectación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar a Portos de Galicia ao arranxo antes do verán da balaustrada e do Paseo do Preguntoiro.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeGPSOE e:

- Instar a Portos de Galicia a arranxar antes do verán a balaustrada
 - Instar a Portos de Galicia a arranxar antes do verán a balaustrada e o Paseo do Preguntoiro
- Paseo do Preguntoiro e, en todo caso, previa á recepción do espazo polo Concello de Vilagarcía de Arousa tras a súa desafectación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Á REDUCIÓN DA ALTURA DA TERMINAL IMPULSADA POR BETUNES GALLEGOS SLU E REDUCIR O IMPACTO NUN CONTORNO CON PROTECCIÓN PATRIMONIAL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 8 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 30 de decembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Á REDUCCIÓN DA ALTURA DA TERMINAL IMPULSADA POR BETUNES GALLEGOS S.L.U E REDUCIR O IMPACTO N UN CONTORNO CON PROTECCIÓN PATRIMONIAL

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto de Vilagarcía de Arousa sitúase nun ámbito de valor histórico, cultural e paisaxístico, recoñecido por distintas figuras de protección patrimonial e integrado nun entorno urbano e natural que forma parte da identidade colectiva da veciñanza.

Recentemente tivemos coñecemento do proxecto de construción de varios depósitos de betún de gran capacidade no ámbito portuario, unhas instalacións que destacan pola súa descomunal altura e volume , moi por riba da edificación existente e da escala propia do entorno , alcanzando uns 27 m.

A execución deste proxecto suporía un impacto visual, paisaxístico e patrimonial moi significativo , alterando de maneira irreversible a percepción do conxunto histórico da Comboa, afectando a bens protexidos e ao dereito da cidadanía a gozar dun entorno equilibrado e respectuoso coa súa contorna cultural.

Este Concello considera que o desenvolvemento económico do porto debe ser compatible coa compatible coa defensa do interese xeraldefensa do interese xeral, , a preservación do patrimonio e a a preservación do patrimonio e a calidade de vida da veciñanza, e non pode levarse a cabo a costa da degradación dun entorno singular e protexido.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSSdeGdeG--PSOE insta ao Pleno PSOE insta ao Pleno da Corporación á adoptción dos seguintes acordos:

1. Manifestar a petición deste Concello de reducir o impacto visual, limitando á altura dos depósitos de betún proxectados no porto, reducindo o impacto sobre o entorno con protección patrimonial da Comboa.
2. Instar á administración autonómica a que limite a altura proxectada dos bidóns (27m) a unha asimilable para o cumprimento da protección do patrimonio histórico e cultural. Dar traslado deste acordo á Autoridade Portuaria,Portos do Estado e á Xunta de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar á Consellería de Economía e Industria á redución da altura da terminal impulsada por Betunes Gallegos SLU e reducir o impacto nun contorno con protección patrimonial.

- Polo grupo político municipal do BNG presentouse unha emenda de substitución.

- Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE non se acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaioito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e PP (9) e dúas abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

1. Manifestar a petición deste Concello de reducir o impacto visual, limitando á altura dos depósitos de betún proxectados no porto, reducindo o impacto sobre o entorno con protección patrimonial da Comboa.
2. Instar á administración autonómica a que limite a altura proxectada dos bidóns (27m) a unha asimilable para o cumprimento da protección do patrimonio histórico e cultural. Dar traslado deste acordo á Autoridade Portuaria, Portos do Estado e á Xunta de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- MOCIÓN S PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN S DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓN S OU CONTROL DAS DECISION S DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- RESPON S DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS Á S PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Polo voceiro do grupo político municipal do BNG presentaronse coa data de 19 de decembro de 2025, as seguintes preguntas por escrito:

1. No momento no que o goberno local anunciou a solta de globos que se ía realizar o día 31 de decembro polo evento da Toma das uvas, atopábase dita actividade xa pagada? De non ser o caso, porque non se procedeu a cancelar dito gasto para empregar dita partida noutra actividade?
2. Houbo outras alternativas máis económicas? Baralláronse outras propostas ou só a do

photocall de globos de gran tamaño? Por que se considera que este elemento elixido ten máis valor que outras propostas?

3. Dende o día 31 utilizouse nalgún outro momento? A día de hoxe (data do pleno), vaise utilizar nalgún sitio máis?

4. Cantas e que labores de mantemento se levaron a cabo co fondo sendo este efémero? En que lugar e en que condicións se gardou? Que mantemento foi preciso para a súa durabilidade? Quen realizou dito mantemento?

5. En que condicións se reutilizarán os materiais (tipo de globos, elementos de soporte, etc.)?

6. Tendo en conta o mantemento, cal é o custe final exacto destinado ao photocall e aos globos?

- Respóndense as preguntas polo Sr. Alcalde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse oralmente diversos rogos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260108&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretario, dou fe.